

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

188 *Corrección de erros do Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes.*

Advertidos erros no Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 164, do 10 de xullo de 2013, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 46, anexo I, no cadro do tipo 3.6. NK SÓLIDOS, na columna 6, onde di: «K₂O soluble en citrato amónico neutro e en auga», debe dicir: «K₂O soluble en auga».

Na páxina 48, anexo I, no cadro do tipo 3.8. PK SÓLIDOS, na columna 6, onde di: «P₂O₅ soluble en auga», debe dicir: «P₂O₅ soluble en citrato amónico neutro e en auga».

Na páxina 67, anexo III, GRUPO 1. FERTILIZANTES INORGÁNICOS NACIONAIS, substitúese o cadro polo que se insire a seguir:

1.1.1. Fertilizantes nitroxenados	Valores absolutos das porcentaxes en masa expresados en:
	N
1.1.1.01. Solución amoniacal	0,5
1.1.1.02. Amoníaco anhidro	1,0
1.1.1.03. Solución de nitrato amónico e amoníaco con ou sen urea	0,6
1.1.1.04. Ácido nítrico	0,4
1.1.1.05. Solución ácida de fertilizante nitroxenado con xofre	0,6
1.1.1.06. Solución de sulfato amónico – nitrato amónico	0,4
1.1.1.07. Fertilizante nitroxenado mixto	0,5
1.1.1.08. Solución nitroxenada	0,6
1.1.1.09. Solución nitroxenada con elementos secundarios	0,3
1.1.1.10. Acetilendiurea	0,5
1.1.2. Fertilizantes fosfatados	P ₂ O ₅
1.1.2.01. Ácido fosfórico	0,8
1.1.3. Fertilizantes potásicos	K ₂ O
1.1.1.3.01. Solución potásica	0,5
Outros elementos	Cl
Cloruro (tolerancia por exceso)	0,1